



Reclamante: [REDACTED]

Expediente. **RSCTG 67/2022**

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

Vista á reclamación presentada por [REDACTED]

mediante escrito que tivo entrada no Rexistro do Valedor do Pobo o 29 de marzo de 2022, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día Haga clic aquí para escribir una fecha., adopta a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Primeiro. [REDACTED]

[REDACTED] presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo do 29 de marzo de 2022, unha reclamación ao amparo do disposto no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, contra a Resolución da Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio da Consellería de Facenda e Administración Pública do 21 de marzo de 2022, pola que se resolve a súa solicitude de acceso á información sobre denuncias en materia de xogo, reclamacións de responsabilidade patrimonial iniciadas pola Consellería e actividades e bens patrimoniais do titular da mesma.

A [REDACTED] interesada en resumo, alega que recibiu a resolución na que se indica respecto do número de denuncias contra os grandes operadores do Xogo de Galicia dos últimos tres anos non se ten constancia de ningunha denuncia presentada non ámbito das competencias da Consellería de Facenda e Administración Pública e considera que é falso e remite varias denuncias e procesos administrativos e xudiciais nos que a propia Consellería ofrece documentos e resolucións con claros e evidentes indicios de delitos (denuncia de maquina comecartos nun local sen licenza, denuncia de furto dentro dun salón de xogo). Sobre as declaracións de actividades e de bens patrimoniais do titular da Consellería considera que se está a ocultar o seu cargo nunha empresa

Segundo. Con data do 11 de Abril de 2022 déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante á Consellería de Facenda e Administración Pública para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

A recepción da solicitude pola administración foi o 13 de abril de 2022.

Terceiro. Con data do 22 de abril de 2022, a Consellería de Facenda e Administración Pública contesta a petición remitindo o informe e o expediente instruído.

Neste informe, en resumo, indícase que o interesado indica na súa reclamación que na Resolución do 21 de marzo de 2022 se conteñen datos presuntamente falsos ou se lle oculta información, achegando para demostralo numerosa documentación do máis diversa, confusa e inconexa.

Respecto á información sobre o número de denuncias contra os grandes operadores de xogo en Galicia, presenta, entre outra documentación, unha denuncia privada por un furto nun establecemento de xogo, unha resolución de actuacións previas da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística por denuncia de obras realizadas nun local de hostalería sen licenza e unha denuncia presentada ante a Agencia Estatal de Administración Tributaria por fraude nunha máquina operadora de apostas, que nada ten que ver coas competencias da consellería respecto da información solicitada.

No que se refire información referente á declaracións de actividades e de bens patrimoniais do titular da Consellería o interesado alega a existencia de ocultación do cargo do titular da Consellería como conselleiro dun grupo enerxético e remite entre outra documentación, un informe sobre as retribucións individuais dos conselleiros desa sociedade anónima, entre os que non figura o titular da Consellería

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consello de Transparencia e Bo Goberno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 67 da Lei 1/2016, do 7 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 67.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A Lei 1/2016, do 7 de xaneiro, recoñece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 7 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu

preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poder públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poder públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

Cuarto. Prazo para a interposición do recurso

O artigo 67.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interpoñerese no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Dado que a resolución contra a que se recorre ten data do 21 de marzo de 2022 e a reclamación presentouse con data do 29 de mesmo mes, debe admitirse a mesma por estar presentada en prazo.

Quinto.- Análise do expediente

A [REDACTED] reclamante solicitou da Consellería de Facenda e Administración Pública información sobre o número de denuncias en materia de xogo (grandes operadores, inspectores de xogo), reclamacións de responsabilidade patrimonial, e informe sobre falla dunha información nunha declaración de compatibilidade.

A Consellería resolveu conceder o acceso á información solicitada, indicando na mesma que sobre non se ten constancia de ningunha denuncia presentada, no ámbito de competencias da Consellería, contra os grandes operadores do xogo en Galicia nos últimos tres anos, non ten constancia de ningunha actuación disciplinaria contra ningún funcionario que ocupe

postos de inspección de xogo na Xunta de Galicia, nin ten constancia de reclamación de responsabilidade patrimonial pola Consellería contra actuacións dos seus responsables.

Respecto das declaracións de actividades e bens patrimoniais do titular da Consellería, é a que figura da páxina web, da que se indica como acceder a el na resolución.

De acordo coa definición de información pública da Lei galega 1/2016, e da Lei básica estatal 19/2013, as solicitudes de acceso deben estar baseadas en información existente e dispoñible, en poder dun organismo ou entidade suxeita á Lei, no momento no que se produce a solicitude e, ademais, debe ser información elaborada ou adquirida no exercicio das súas competencias.

De conformidade co disposto nos artigos 28 da Lei 1/2016 e 24 da Lei 19/2013 en relación co disposto no artigo 112 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, as reclamacións que se interpoñan contra as resolucións en materia de acceso á información poderán fundarse en calquera dos motivos de nulidade ou anulabilidade previstos nos artigos 47 e 48 desta Lei. No presente caso, o interesado non combate os motivos de inadmisión da resolución que impugna, nin fundamenta a súa reclamación en ningún motivo de nulidade ou anulabilidade da resolución impugnada, senón que se limita a afirmar que a información remitida é falsa, achegando documentación non relacionada coas competencias da consellería respecto da información solicitada.

De acordo co anterior, ao non alegarse motivos que acrediten que a resolución ditada pola Consellería non é axustada a dereito, procede a desestimación da reclamación presentada.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia,

ACORDA

Único: Desestimar a reclamación presentada por [REDACTED]

[REDACTED] con data do 29 de marzo de 2022, contra a Resolución da Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio da Consellería de Facenda e Administración Pública do 2 de marzo de 2022, pola que se resolve a súa solicitude de acceso á información sobre denuncias en materia de xogo, reclamacións de responsabilidade patrimonial iniciadas pola Consellería e actividades e bens patrimoniais do titular da mesma.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-

administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, na data da sinatura.

Firmado digitalmente por 76706870F MARIA
DOLORES FERNANDEZ (R: S6500009C)
Fecha: 2022.06.08 12:59:24 +02'00'

María Dolores Fernández Galiño
Presidenta da Comisión da Transparencia.